

## *Los pleitos de derecho privado sobre esclavitud ultramarina en la jurisprudencia del Tribunal Supremo (1857-1891)*

**Jesús Martínez Girón**

Madrid, Civitas, 2002. 146 páxs.

○ fenómeno da escravitude ultramarina abrangue un espacio de tempo considerable na historia da coroa española. As primeiras disposicións normativas sobre a escravitude nos novos territorios descubertos datan de principios do século XVI e as últimas de fins do século XIX. Sen embargo pese a estes máis de tres séculos é moi escasa a produción bibliográfica de tipo xurídico sobre a escravitude hispana. Semella que unha sombra se cinguiu sobre este tema.

É posible que influíse neste baleiro bibliográfico a mesma condición da *trata*. O tráfico de escravos aínda que era un comercio legal non era algo ben visto. Os mercadores de «negros», pois iso eran en esencia os actores da escravitude, eran xente mal vista polo común das xentes. No imaxinario popular ocupaban un espacio parecido á figura dos verdugos, os executores da pena capital. En tempos máis recentes outro dos elos deste imaxinario poden se-los protagonistas dos *paseos*, eses sinistros personaxes que actuaron durante a nosa Guerra civil.

Sería interesante acomete-la tarefa de historia-lo imaxinario popular destas figuras temidas, con gran poder nuns instantes supremos. Aínda que ese poder fora tan grande coma efémero e pasados eses breves momentos eses personaxes caerían no esquecemento público, só matizado polo rexeitamento ou medo que provocarían no trato cotián.

Na desaparición da escravitude hai que distinguir a supresión do tráfico de escravos da propia abolición da escravitude, fenómenos distintos e non estritamente coetáneos no tempo. A primeira disposición española que suprime o tráfico de escravos data do 30 de maio de 1820, aínda que o tráfico non se suprimiu de feito. Haberá que esperar á lei do 2 de maio de 1845, que lles impón presidio ós traficantes, para que o tráfico de escravos quede definitivamente suprimido nas colonias que permanecían aínda vinculadas á coroa española. Mentres que a abolición total da escravitude virá polas leis do 22 de marzo de 1873 e 13 de febreiro de 1880, que suprimen a escravitude en Porto Rico e Cuba, respectivamente.

Diciamos que a produción bibliográfica de tipo xurídico sobre a escravitude hispana non é moi ampla. Son benvidas xa que logo as achegas como a presente, rígorosa e novidosa, de Martínez Girón.

Na obra analízanse polo miúdo un conxunto de vinte e seis resolucións xudiciais do Tribunal Supremo, que resolven outros tantos recursos fronte a vinte e cinco sentencias da Audiencia da Habana e unha da Audiencia de Porto Rico. Girón recolle as sentencias que aparecen na *Colección Legislativa* e abranguen un espazo de tempo que vai de 1857 a 1891.

Unha primeira observación que se lle pode facer á obra é que quizais non queda suficientemente explicada a razón de ser da primeira das datas subliñadas, é dicir a de 1857. O Tribunal Supremo foi creado pola Constitución de 1812, que no seu artigo 259 establecía na corte un «Supremo Tribunal de Justicia». O Tribunal sufriu as vicisitudes da Constitución gaditana e foi posteriormente suprimido ata que se restableceu definitivamente cara a 1834. Hai que indicar que na *Colección Legislativa* non se recollen as sentencias deste alto tribunal, senón dende 1846. De tódolos xeitos a obra de Martínez Girón presenta a relación de sentencias sobre este tema máis completa que se fixo ata agora. Labor de recompilación que sempre é arduo e complicado, como nos di o propio autor, pois ás veces os epígrafes relativos á escravitude aparecen camuflados no corpo das sentencias.

O primeiro capítulo da obra é introductorio respecto ás sentencias civís do Tribunal Supremo sobre a escravitude ultramarina. No segundo capítulo examínase o marco xurídico destas sentencias dende un punto de vista orgánico, procesual e do dereito substantivo. O autor contextualiza as sentencias nun marco no que aparecen invocadas normas de distinta procedencia como, entre outras, o *Digesto*, a *Novísima Recopilación*, o *Código de Comercio* de 1829 e sobre todo o *Código de las Siete Partidas* de Afonso X. Significativa é a constatación do autor do escaso uso que se fixo da *Recopilación de las Leyes de Indias* do século XVII. O autor incide no tema de que a lexislación máis usada nestas sentencias é a contida no *Código de las Siete Partidas*, do século XIII. Chama a atención o uso primordial de lexislación tan rancia, cousa que é sinalada polo autor, aínda que quizais puido afondar máis neste interesante tema. Semella que a escravitude se rexía por principios eternos, inmutables ó paso do tempo.

Nos seguintes capítulos examínanse o papel do escravo ultramarino como suxeito do proceso xudicial, como obxecto deste e, por último, as demandas civís de libertos pola súa suposta explotación como escravos. Nestes capítulos centrais da obra o autor esmiuza as sentencias con detalle.

Estamos ante unha escravitude «racial» como sinala o autor, principalmente de negros «bozales» (acabados de chegar de África) ou «criollos» (nacidos xa na colonia). Neste marco os escravos eran «cosas embargables». Os escravos podían establecer demanda para que se declarase a súa condición de libres, sempre, iso si, representados e defendidos por «síndicos». Os escravos precisamente pola súa condición carecían de capacidade procesual, como indica o autor. Girón ve con perspicacia un tema procesualmente crucial na contía do litixio á que se sumaba ó valor do escravo o valor dos froitos por el producidos ou que puidera producir. Na maioría das sentencias os escravos aparecen como «cosas muebles», aínda que cousas especiais xa que son produtores de «frutos naturais e industriais».

É unha pena que non apareza un apéndice co corpo das sentencias ou alomenos un extracto seu, aínda que seguramente por esixencias editoriais resultaría algo impensable. Mellor arranxo tería a recompilación nun capítulo final da bibliografía utilizada, tan só nomeada nas abundantes citas a pé de páxina.

O autor desenvólvese con mestría no terreo da técnica xurídica e no exame intelixente das sentencias, o que é de agradecer nun tema que como dicíamos ó principio non está sobrado de bibliografía.

**Xosé Luís Mínguez Goyanes**